

## NOTA DE PRENSA

# O Colexio de Psicoloxía galego presenta un protocolo "post-catástrofe" para as vítimas de situacións críticas

---

- *Este documento é unha guía de actuación e intervención que dea continuidade aos primeiros auxilios psicolóxicos tras un suceso crítico.*
- *O Colexio de Psicoloxía ten constatado que non existe unha resposta organizada e protocolizada desde os servizos de saúde mental na post-emerxencia.*
- *En caso dunha catástrofe, desde o COPG activarase un Observatorio da Atención Psicolóxica na Post-Catástrofe, coa intención de avaliar en que medida as institucións seguiron as indicacións técnicas propostas.*

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) acaba de publicar o "**Protocolo post-catástrofe**", un documento que pretende actuar como **guía de actuación e intervención que dea continuidade aos primeiros auxilios psicolóxicos tras un suceso crítico**. O protocolo que redactou a Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG xa foi remitido á Xunta de Galicia, coa intención de que se poida articular un mecanismo eficaz neste tipo de situacións e evitar que se repitan casos como, por exemplo, o das persoas afectadas pola explosión da pirotecnia ilegal de Tui, no que a propia veciñanza denunciou a falta de atención.

De feito, **este accidente foi o punto de partida** para a elaboración do "Protocolo post-catástrofe"; provocou dúas vítimas mortais, ducias de feridos e 30 familias perderon os seus fogares, o que xerou unha gran necesidade de atención psicolóxica. Tras a intervención na emerxencia do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE, durante os primeiros días, xerouse unha situación de descoordinación, que tivo como consecuencia que a propia poboación afectada se mobilizase reclamando unha atención psicolóxica accesible.

Pola dimensión da catástrofe e as queixas da veciñanza resultou moi notorio, pero esta situación de baleiro asistencial tras a emerxencia tense repetido en numerosas ocasións, sendo apenas paliadas nas máis excepcionais, como o accidente do tren Alvia, cun protocolo de derivación urxente aos servizos normalizados do SERGAS. O que se detecta é a **ausencia dunha resposta organizada e protocolizada desde os servizos de saúde mental** nas distintas áreas sanitarias, tras os primeiros auxilios psicolóxicos por parte do GIPCE.

A Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG dedicou unhas xornadas en novembro de 2019 á emerxencia de Paramos, en Tui, e á atención psicolóxica post-catástrofe. A partir deste encontro profesional organizouse un grupo de traballo co obxectivo de redactar un documento que recollese os criterios técnicos que debe reunir a atención psicolóxica na etapa posterior á emerxencia e que deu forma ao protocolo que agora se presenta.

A intención é que, en caso de que houberse outra situación de catástrofe, **desde o COPG se activará un Observatorio da Atención Psicolóxica na Post-Catástrofe**, co obxectivo de avaliar en que medida as institucións seguiron as indicacións técnicas propostas neste documento co obxectivo de proporcionar a mellor resposta asistencial desde a sanidade pública.

O diagnóstico da situación é que "unha vez que o GIPCE finaliza a súa intervención nas situacións de emerxencia, as persoas afectadas atopan dificultades para manter esa continuidade na atención que necesitan, en ocasións porque non obteñen cita en saúde mental e outras porque esa cita ten unha lista de espera de meses", indican no documento, o que xera un sentimento de desamparo nas persoas afectadas, o que agrava a sintomatoloxía xa existente e, por tanto, xerando aínda maior malestar.

Unha apropiada atención psicolóxica tras o suceso crítico, sen a demora no tempo que hoxe en día existe, permitiría previr os trastornos psicopatolóxicos que puidesen agravarse ou cronificarse por non proporcionar unha intervención máis inmediata. No documento protocolízase este tipo de intervención, desde o propio inicio da mesma, a como facer a avaliación das persoas afectadas, e as modalidades de intervención (individual e grupal), así como a finalización desta intervención post-catástrofe. Tamén se contempla a coordinación con outros dispositivos, imprescindible neste tipo de contextos.

**Sáudos,**

Se desexas **ampliar a información ou para solicitar entrevistas**, contacta co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
981 534 049 / 699 908 968  
[comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)